








CONFERENCIANTES

E N C O N T R O 2 0 2 6





Daniel Cassany

Daniel Cassany é investigador en Análise do Discurso na Universitat Pompeu Fabra (Barcelona). Publicou máis de vinte monografías sobre letrismo e ensino da lingua, como *Describir el escribir* (1988); *La cocina de la escritura* (1996); *Tras las líneas* (2006), *Laboratorio lector* (2019) ou *Enseñar lengua* (1993, en coautoría), e uns cen artigos científicos en inglés, francés, alemán e xaponés.

Colaborou con institucións de máis de trinta países. Os seus últimos libros son *El arte de dar clase* (según un lingüista) (2021) e *sospechosas* (2023).

Ler na época da intelixencia artificial


A charla presentará o impacto que empeza a ter a intelixencia artificial (IA) nas prácticas lectoras da comunidade e na educación obrigatoria.

Mostraremos as estratexias que usan as principais ferramentas de IA para axudar os usuarios a accederen á información: como crean un conxunto de 'artefactos mediadores sintéticos' (oralizacións, podcast, resumos, esquemas, diálogos) para reducir o tempo de lectura, seleccionar os datos que busca o lector ou prescindir dalgunha das demandas da lectura que se lles resiste ás persoas usuarias (a descodificación gráfica, a creación de inferencias, a contextualización do texto etc.). Veremos tamén algúns estudos que exploran como usan estas ferramentas os profesionais, verificando a información achegada pola IA e comprobando que estes 'artefactos' non conteñan alucinacións nin nesgos.

Noutra parte da charla, comprobaremos como o uso da IA para producir textos escritos ou orais despraza parte da actividade lingüística da escritura á lectura. Ao escribir, ou mesmo ao xerar vídeos, audios ou imaxes, o alumnado ten que ler os resultados da IA e debe poder analízalos críticamente dunha maneira tan esixente ou máis ca coa lectura convencional de textos ou coa lectura de borradores para escribir.

Xa no terreo da educación, ofreceremos un panorama amplo das posibilidades didácticas que ofrecen estas ferramentas, dos riscos que supoñen e das esixencias éticas que deben terse en conta.

+ Info: <https://linktr.ee/danielcassany>



Eva Mejuto

Doutora en Xornalismo pola USC, traballou no sector editorial dende 1998 ata 2016 e dende entón ata agora traballa no ámbito da xestión cultural. Especialista en mediación lectora, literatura infantil e álbums ilustrados, imparte cursos de formación para docentes e mediadores, así como obradoiros de escritura e encontros de lectura. Coordina o Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e participa en diversos proxectos de xestión cultural relacionados co mundo do libro e da lectura.


No eido da creación literaria, é autora de diversas adaptacións de contos tradicionais para formato álbum ilustrado, con grande éxito de público e traducidos a máis de dez idiomas, entre os que destaca *A casa da mosca fosca* (Kalandraka 2002) e *Corre, corre cabaciña, Tres desexos* e *Maruxa* (OQO). En ficción xuvenil publicou as novelas *22 segundos* (Xerais, 2017), *Memoria do Silencio* (Xerais, 2019) e *A ladroa da Biblioteca de Meirás* (Xerais 2022). Coas dúas últimas foi finalista do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil.

En 2021 foi galardoada co premio Bibliotecas Escolares como a autora máis lida do ano e a súa obra de narrativa infantil *Neko* (Oqueleo, 2021) recibiu o premio á mellor obra infantil nos Premios Follas Novas. Coa obra *Queco e Kika* (Xerais) recibiu o premio Agustín Fernández Paz pola Igualdade.

En literatura infantil tamén publicou a novela: *O día que choveron gatos*, finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil. No ámbito do teatro escribiu a obra *Os contos do lobicán*, gañadora do Premio Barriga Verde de teatro para monicreques da Axencia Galega das Industrias Culturais. En narrativa breve, co libro *Matilde* gañou o Premio Matilde Bares á Igualdade.

Dirixe a colección de álbums de ilustradores *Pequena memoria* da editorial Xerais, sobre memoria histórica infantil, na que publicou: *A lavandeira de San Simón*, sobre a guerra civil en Galicia, con ilustracións de Bea Gregores. Esta colección recibiu o Premio Follas Novas á Mellor Iniciativa Editorial en 2020.

Para o público adulto, *Memoria Diversa*, sobre a memoria do colectivo LGBTIQA+ en Galicia, con fotografías de Carme Cerviño, editado por Capicúa para a Deputación Provincial da Coruña, un traballo premiado co Premio Follas Novas ao mellor traballo de Divulgación do ano 2023. Foi colaboradora literaria no programa *Zigzag diario* da TVG e o *Diario Cultural* da Radio Galega. Coordina o podcast da Xunta de Galicia sobre libros e bibliotecas, *Entreliñas*, e dirixe a Residencia Literaria da Cidade da Cultura.




Os fíos de Begoña

A partir do libro *Os fíos de Begoña* faremos una constelación lectora arredor de Begoña Caamaño, pasando polas lecturas da súa infancia e da súa vida, polas as obras que ela escribiu e mais polos libros que se están a publicar sobre ela neste ano no que ela é a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Tamén nos achegaremos a outros dous álbums relacionados: *O fío da vida* e *Cando Leo*.

O peche da xornada virá da man de Olga Andrés, mestra e cantautora que interpretará algún dos temas senlleiros que marcaron a vida de Begoña Caamaño.

+ Info: <https://aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/eva-mejuto>



Piu Martínez

Diplomada en Biblioteconomía e Documentación e Máster en Edición. Cun *background* centrado sempre no libro: bibliotecaria, catalogadora de fondo antigo ou investigadora, desde 2010 centra a súa actividade na edición *freelance*, a formación en mediación lectora e a divulgación do álbum ilustrado.

É a editora responsable de publicacións como *La anarquía explicada a los niños*, *Cartilla Escolar Antifascista* ou *Gato en el camino*, de Nicanor Parra, e directora da colección Libros Asombrosos da editorial sevillana Barrett. Coordinou as Jornadas Munari (Museu d'Art Contemporani de Barcelona MACBA & COBDC, 2023) e é codirectora do Festival Literario Infantil *Món Llibre* do Institut de Cultura de Barcelona.

É coautora de *Cada uno ve lo que sabe: una guía para aprender a mirar imágenes a través del álbum ilustrado* (Editorial GG, 2025) e de *ABC Seoane*, xunto a Cibrán Rico e Suso Vázquez (Fabulatorio, 2025).

Imparte a materia "Historia del libro ilustrado y la narrativa visual" do *Máster Online de Libro Ilustrado y Cómic* na Escuela Superior de Arte y Diseño de Barcelona, LABASAD.

Colabora na formación de adultos para entidades como o COBDC (Colexio Oficial de Bibliotecarios e Documentalistas de Cataluña), COBDCV (Colexio Oficial de Bibliotecarios e Documentalistas da Comunidade Valenciana), a Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia ou o Ateneu Barcelonès entre outros.

Deseñando & Lendo

A historia do deseño está estreitamente ligada ás infancia. A súa natureza transversal ten unha influencia social, política e pedagóxica a través da creación de obxectos (xoguetes), espazos e libros.

"Deseñando e lendo" ofrece unha visión panorámica das principais voces do deseño europeo e americano dende mediados do século XX ata a actualidade.

+ Info: <https://piumartinez.com>

